



PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA TRADICIÓN ORAL NA CONTORNA DE VILADONGA (1). CONCELLO DE CASTRO DE REI

*Ana María Rubiero da Pena,
Carolina Pérez Pérez*

Este proxecto xurde da necesidade de retomar un traballo de recollida de tradición oral na contorna de Viladonga, que xa iniciara Felipe Senén López Gómez no ano 1974. Desde o Museo do Castro de Viladonga decidimos continuar coa realización de enquisas para recoller as testemuñas relacionadas principalmente co patrimonio arqueolóxico e rexistrar esta valiosa información sobre lendas, mitos, contos etc, que perduran no imaxinario colectivo.

Por isto o día 28 de Xaneiro do ano 2014 comezamos a nosa andaina polas parroquias do Concello de Castro de Rei, realizando as primeiras enquisas a algúns dos veciños informantes; a satisfacción polo atopado levounos a traballar na posibilidade de facelo público como unha maneira de conservar dito patrimonio inmaterial, de aí esta e posteriores publicacións.

Este proxecto concibímoloo como un traballo a longo prazo que non ten pretensión de ser un estudo sobre tradición oral senón de servir como transmisor daqueles que nos falan; tódalas enquisas son gravadas en audio e vídeo e conservadas nun arquivo específico no Museo.

De cada un dos temas que xurdiron nas conversas fixemos unha breve introdución para, dalgunha maneira, contextualizar e facilitar a interpretación dos relatos ou historias pero deixando intacta a forma de contalos ou contalas coa intención de preservar a súa orixinalidade.

Esperamos facer ver con esta nova sección da revista Croa que a sabedoría popular segue disposta a amosarnos a súa riqueza e con ela abrir unha nova canle para preservar o patrimonio inmaterial.

**ENQUISA: CASTRO DE RIBEIRAS DO LEA.
28-1-2015**

PABLO PARDO FERNÁNDEZ
(Salgueiros. Santiago de Duarría. 68 anos)

DOLORES TEIJEIRO DÍAZ
(Santiago de Duarría. 61 anos)



Pablo Pardo Fernández



Dolores Teijeiro Díaz

A primeira enquisa foi feita a Pablo e Dolores, os dous nados en Santiago de Duarría. Do Castro de Duarría falan de encantamentos e achados, tamén doutros castros ligados a camiños antigos e fontes desaparecidas, medorras e vilas romanas, de lugares como o caso de As Lagüelas en Viladonga, aparicións en pontellas, cruces de camiños e montes e da utilización do dentón, un fungo que parasita nos cereais, especialmente no centeo.

O CASTRO DE DUARRÍA

O Castro de Duarría é un asentamento fortificado probablemente de época galaico-romana que se atopa no cumo dun pequeno outeiro preto do río Lea. O Castro está situado na parroquia de Santiago de Duarría no municipio de Castro de Rei, é de planta circular e a súa croa está protexida por unha muralla e un foxo que a bordea. En canto ao seu entorno patrimonial, existe unha necrópole medieval xunto á igrexa, o Castro de Aló e o Castro de Acó, varias medorras desaparecidas ao construírse o aeródromo de Rozas e outro grupo en Salgueiros, tamén desaparecidas.

- Castro de Duarría: "No Castro de Duarría contábame miña avoa que había tres huchas, unha con ouro, outra

con prata e outra con alquitrán e dicíalle eu, madriña e por que non vamos sachar a ela, non neniña porque si damos coa do alquitrán incéndianse sete parroquias ao redor". "Escoitáballe tamén o do rabaño de pitos, unha señora rubia que se aparecía de repente cun rabaño de pitos na gabia do Castro, dicía "aparece de repente e vaise de repente, sen máis nin máis". "Gabia é o foxo". "Tamén a miña avoa falábame moito do encanto, dicíanlle que non fora ao Castro que podía ser encantada". "No Castro había moita pedra, coios". "Eu creo que para que non fose escavar ninguén, poñían esas lendas". (Dolores).

- Castro de Duarría: "Aparecía moita cerámica con verrugas (mamelóns), tamén lisa pero menos e despois, moito, como se houbera sido derruído por un incendio, con moitísima carbonilla, a min paréceme que os teitos, a madeira, que non lles daba tempo a soterrarse, a carbonizarse e incendiábase". "Aparecían hachas de pedra pulida nas fincas do arredor, aparecían cando labrábamos nas fincas nosas". (Pablo).

- Castro de Duarría: "O castro non se labraba porque había moita pedra. De pequenos atopamos unha pedra de muíño. Levábamos un pao de ferro, o Suso o Pablo e eu (Lola), tanteamos e en menos dun metro a catro centímetros atopamos a roda do muíño e levámola para a casa, o Suso tiña ao mellor 16 anos e eu 19". (Pablo e Dolores).



Muralla principal do Castro de Duarría



Foxo do Castro de Duarría

CASTRO DE BAIXO (CASTRO RIBEIRAS DO LEA)

O Castro de Castro Ribeiras do Lea é un pequeno asentamento moi alterado, probablemente de época galaico-romana, do que só se conserva parte da muralla; está situado nunha terraza á marxe dereita do río Lea. Este castro pertence á parroquia de San Xoán de Castro Ribeiras do Lea do municipio de Castro de Rei.

- Castro Pequeno ou Castro de Baixo (Castro Ribeiras do Lea): "Dicían que había un camiño que levaba a unha fonte". "A fonte quedou enterrada ao facer a carreira". "Esa fonte estaba abovedada con pizarra". "Chámanlle Castro Pequeno ou Castro de Baixo para diferencialo do de Duarría". (Pablo e Dolores).

CASTRO DE LOENTIA

O Castro de Loentia ou do Condado, hoxe practicamente desaparecido, pertence á parroquia de Santo Estevo de Loentia no municipio de Castro de Rei, estaba situado no Monte do Condado.

- Castro de Loentia: "O Castro de Loentia está destruído, hai casas encima da croa". (Pablo).

CASTRO DE PICHÓN (SANTALLA)

O Castro de Santalla pertence a parroquia de Santalla de Dumpín no municipio de Castro de Rei. É un asentamento de pequenas dimensións.

- Castro de Pichón: "O Castro de Pichón en Santalla". (Pablo).

CASTRO DE VILADONGA



Castro de Viladonga

O Castro de Viladonga é un importante xacemento de época galaico-romana, ben fortificado con murallas e foxos, sobre todo no seu lado leste. Ocupa corenta hectáreas de terreo, das cales hoxe en día están escavadas o correspondente á case toda a croa e parte da explanada oeste. Está emprazado no alto dun outeiro, na marxe dereita do río Azúmara, na parroquia de Santiago de Viladonga, no municipio de Castro de Rei.

- Castro de Viladonga: "Do Castro de Villadonga tamén hai cousas, hai unha fonte, sale polo foso do noroeste, corre un regato ou corría un regato por fóra do foso. Posiblemente nun sitio que lle chaman As Lagüelas". (Pablo).

A PONTE ROMANA DE DUARRÍA E A SÚA CONTORNA



Ponte de Duarría

Esta ponte de orixe romana atravesa o río Lea, está construída en cachotaría de lousa cun arco de medio punto e calzada de pedra. Din que por ela discorreu o camiño real e que ao seu carón houbo unha vila romana.

- Ponte romana de Duarría e muíño: “Unha finca estuvo sellada a finais do século XIX porque sacaban a terra a sacos, a 50 metros da ponte romana de Duarría, pegada ao muíño”. “Posible vila romana pegada ao muíño”, “Onde saía moitísima moeda, ían roubar a terra a sacos e levábana e escollíana, aparecían moedas de ouro e prata”. (Pablo).

MEDORRAS EN DUARRÍA

No catálogo de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia do ano 2012 menciónase a Medorra da Rega I, no lugar de Salgueiros, parroquia de Santiago de Duarría no municipio de Castro de Rei e preto dela a Medorra da Rega II; a primeira está case desaparecida e a segunda en mal estado. Relacionadas con elas catalóganse tamén as medorras de Salgueiros II e III, todos eles monumentos funerarios afectados tanto por obras particulares como pola acción de repoboación na zona.

- Medorra cerca de Duarría no monte de Ullas de Arcos: "Dicían que atoparan unha ánfora con moitísimas moedas nunca finca que é agora dos caseiros de Lourenzo, alí no Curro de Baixo. Que por certo a desfizeron para facer prao. Na parroquia de Duarría, enfrente do polígono pero para este outro lado" (Pablo).

- Medorra do Castro de Duarría: "Ás aforas do Castro de Duarría foi encontrada unha moeda de ouro, unha moeda do ano I, atopouse fai máis de trinta anos" (Pablo).

- "Unha madorra que está a menos de 50 metros do Castro de Duarría, había dúas, unha está na finca nosa (Dolores Teijeiro Díaz) e outra na do Virgilio. A moeda apareceu na nosa finca, era rectangular, de ouro, tiña, según dicía o que a encontrou, que tiña a loba cos xemelgos e tiña nada máis que unha inscrición nun extremo pero que non se leía" (Pablo e Dolores).

APARICIÓNS

As aparicións de seres fabulosos en lugares puntuais como cruces de camiños, pontes e montes, xeralmente de noite, forman parte do noso imaxinario popular; xa vimos que tamén poden estar asociados ao patrimonio arqueolóxico na necesidade de dar resposta a certas cuestións de difícil comprensión polo tempo pasado, "intento de comprensión do

circundante"¹. A nosa informante Dolores fálanos das ninfas, espíritos femininos asociados á fantasía popular e á natureza que teñen as súas primeiras manifestacións na mitoloxía grega; tamén nos fala de animais encantados, tropel de cabalos e cans brancos que aparecen pola noite nos camiños e os montes. No *Diccionario dos seres míticos galegos*, os seus autores refírense a eles como "sinal de boa ventura" (can branco) ou "agoiro de morte" (can do Urco), este último podendo manifestarse tamén como un can branco; un dobre sinal que "tamén na Bretaña o dobre, ou sexa, a sombra do moribundo pode aparecerse coa forma dun animal branco se se vai salvar"².

- "Nos pontellos e nos cruces dos camiños aparecían as ninfas". (Dolores).

- "Ían ós montes e vían unha tropelía de cabalos preciosos de noite". (Dolores).

- "Tamén saían cadelos brancos". (Dolores).



Carballo ao pé do Castro de Duarría

1 VAQUEIRO, Victor (2003), *Guía da Galiza máxica*, Ed. Galaxia, Vigo p. 13

2 CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro / MIRANDA RUÍZ, Xosé / REIGOSA CARREIRAS, Antonio (1999), *Diccionario dos seres míticos galegos*, Ed. Xerais de Galicia. Vigo p. 69 e 72.



Claviceps purpurea

O DENTÓN

O dentón (*Claviceps purpurea*), tal como o define a Real Academia Galega, é un fungo que parasita nas gramíneas especialmente no centeo e desenvolve unha especie de corno de cor escura. Os seus compostos químicos son usados na actualidade a nivel farmacolóxico pero as súas propiedades recoñécense desde a antigüidade aínda que non foi utilizado cientificamente ata o século XVII.

- "O dentón era un hongo que aparecía na espiga de centeo que negreaba, usábano de medicina, era un alucinógeno bastante fuerte." "Na Segunda Guerra Mundial usábano moitísimo, costaba a 5000 pesetas o kilo naqueles tempos." "Usábano como penicilina, para quitar o dolor e todo eso." "As espigas que tiñan o hongo tiñan máis cornos que graos de comer." "Eran uns cornos que saían disparados, negros e cun olor característico e impregnaba os dedos cunha especie de mucosa." "Algunhas veces ían na fariña." "Viñan á feira moita xente a compralo." (Pablo).

Nunha segunda visita, na que estivemos con Dolores, díxonos que escribía poesías, recitounos algunha e pareceunos moi interesante incluílas no artigo, propuxémosllo e aceptou. Estes poemas máis que aparecer nun traballo sobre literatura popular de tradición oral terían que estalo nun sobre literatura de autor pero, por tratarse da mesma persoa cremos que, feita a aclaración, poden tamén ser publicados nel.

Enquisa 2: Castro de Ribeiras do Lea. 8-4-2016

DOLORES TEIJEIRO DÍAZ (Santiago de Duarria)

POESÍAS

O Castro de Duarria (ano 2000)

“Hai un pobiño pequeno
en donde eu me criei,
nel hai un castro romano
que eu estou prendada del.
Nacín moi preto pretilo
e cando souben maxinar
íame polo camiño
e a súa redor ía andar.
Camiñando da redor
maxinaba en subir para riba
agatuñando pola ladeira
en sempre así o facía.
Agarrándome as ramallas
para non esbarruxirme
porque con aquelas zocas
para abaixo podía irme.
Cando me atopaba enriba
un suspiro sempre daba,
aínda que estivera aflixida
parecíame que medraba.
Penso agora que sería
ao verme emperequitada,
pasábame coma a cabra
cando se sobe a montaña.
Dende alí eu vía Castro
dende alí eu vía os ríos,
dende alí eu vía a Igrexa
e tamén vía os camiños.
Logo tiña que baixar
pensando como facer,
porque se eu esvaraba
os ósos podía romper.
Cos meus pés atravesados
así o soía facer,
agarrándome ás ramallas
para xa á casa volver”

O Castro de Viladonga (12-04-2016)

“Fuche pai
fuche nai
fuche vida
fuche riqueza.
Fuche ledicia
fuche pensar
fuche saber
fuche soñar.
Fuche traballo
fuche suor
fuche alonxar
fuche lágrimas.
Fuche sangue
fuche finar
eres polvo
eres terra.
Eres anacos de pedra
eres anacos de barro
eres beleza beleza
eres Castro de Viladonga.
Eres tesouros riqueza
arrastras os teus amigos
que fan contigo unha festa
disfrazados de romanos.
Levando o casco na testa
veñen dos pobos de fóra
queren pisar a túa terra
túa e máis miña
esta terriña galega.
Pandeiretas e pandeiros
gaitas e a xente aquela
fan soar Nesa Terriña
a nosa música galega.
E outros centos culturais
e ese Museo
eres Castro eres Castro
cultura e máis desexo”

BIBLIOGRAFÍA

APARICIO CASADO, Buenaventura (1999). *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*. Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80. Sada.

CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro / MIRANDA RUÍZ, Xosé / REIGOSA CARREIRAS, Antonio (1999). *Diccionario dos seres míticos galegos*. Ed. Xerais de Galicia. Vigo.

Galicia. Antropoloxía. Imaxinario. Literatura popular (1997). Tomo XXVII. Hércules Ediciones. A Coruña.

Galicia. Antropoloxía. Relixión. Crenzas. Festas. Tomo XXVII. (1997). Hércules Ediciones. A Coruña.

Inventario Artístico de Lugo y su provincia. (1975) Ministerio de Educación y Ciencia. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural. Comisaría Nacional del Patrimonio Artístico. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. Madrid.

VAQUEIRO, Vitor (2003). *Guía da Galiza máxica*. Editorial Galaxia. Vigo.